

Taller de Robótica

Introdución

Ao longo dos últimos anos, e cada vez con mais forza, as novas tecnoloxías estanse implantando no ámbito educativo. Dende o noso Centro non podemos ser alleos a estes cambios e vémonos na obriga de propoñer novos contidos educativos que consideramos importantes na formación dos nosos/as alumnos/as, e que sen dúbida van ser importantes nos vindeiros anos de estudo dos nenos/as.

Somos conscientes do momento que estamos a vivir, por mor da covid-19, pero consideramos unha oportunidade para dar un pulo as novas tecnoloxías, e tentar aproveitar o máximo os recursos dos que dispoñemos.

Este taller trátase dunha proposta lúdica de carácter voluntario para os alumnos de 5º e 6º de Ed. Primaria do CEIP Nazaret de Cangas. Quen se inscriba non está obrigado a rematar o taller, e o ritmo de aprendizaxe e consecución das tarefas planeadas é libre, non haberá datas de entrega puntuais, pero si actividades ou tarefas chave, que abren a porta para novos contidos ou propostas. Así pois para avanzar nos contidos ou bloques é necesario a consecución ou remate das tarefas propostas.

Este taller darase a través da aula virtual do centro, onde se matricularan todos os alumnos do centro de 5º e 6º que desexen participar voluntariamente. Polo tanto é necesario ter un equipo informático propio (ordenador ou tablet) e conexión a Internet. *O Colexio non facilitará ningún equipo para a realización do curso.* Os alumnos que dispoñan de ordenadores Abalar, poderán usar os mesmos para poder facer o curso.

Este curso forma parte dun Proxecto de Robótica presentado a Consellería de Educación e aprobado polo Consello Escolar.

Obxectivos

1. Achegar as novas tecnoloxías da información aos alumnos/as de 5º e 6º de Ed. Primaria.
2. Iniciar na robótica educativa aos alumnos.
3. Dar a coñecer o linguaxe de programación mediante bloques.
4. Adquirir nocións espaciais a través do deseño en 3D
5. Ter coñecementos e experiencias no manexo de robots educativos e a programación dos mesmos.
6. Aproveitar os recursos do Centro nas TICs.